

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2012.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de febreiro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

NON ASISTE:

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2011.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.12.2011 AO 10. 02.2012.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE RECURSO.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2012 E CADRO DE PERSOAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2011.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 21 de decembro de 2011.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que quere facer a seguinte observación: Na páxina 17 nas preguntas verbais, no apartado 5.2.1, onde pon: e na Voz de Galicia tamén dixo vostede que tivo permiso de Patrimonio para facelo, quero aclarar que me refería ao derrubo dunha caseta.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.12.2011 AO 10. 02.2012.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

16.12.11.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno ordinario a celebrar o 21 de decembro.

19.12.11.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. Francisco Rivas Mosquera pola realización da obra de instalación dun portalón de entrada na finca rústica en Soigrex.

19.12.11.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para que emita informe sobre a procedencia da baixa no Padrón de Habitantes.

19.12.11.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 30/2011.

19.12.11.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 31/2011.

19.12.11.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 32/2011.

20.12.11.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 28/2011.

20.12.11.- Inclusión no Rexistro de Asociacións do Concello á Asociación Socio-cultural e de veciños San Miguel de Boullón.

20.12.11.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar dependentes.

20.12.11.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar dependentes.

20.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.470 euros (asistencias dos concelleiros ás sesións do 3º trimestre).

20.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

20.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 400 euros (Cáritas Parroquial de Bastavales).

21.12.11.- Dar por rematado o expediente tramitado a D. Antonio Bello Couso, polas actuacións de construción de alpendre na aldea da Torre, por terse restaurado a legalidade urbanística.

21.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D. Xosé Manuel Figueiras Díaz, por importe de 30,00 euros pagados en concepto de prezo público polo curso de iniciación á informática.

21.12.11.- Devolución do ingreso excesivo a D. Carlos Mella Silva por importe de 40,00 euros pagados en concepto de prezo público por actividades deportivas.

21.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a Dª. Teresa Pérez Rodríguez por importe de 170,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da mocidade a Barcelona.

- 21.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D^a. Cristina Bouzón Calvo por importe de 170,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da mocidade a Barcelona.
- 21.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 195,85 euros (Estación de Servicios Manzaneda).
- 22.12.11.- Paga extraordinaria.
- 22.12.11.- Aceptar a proposta de non continuidade da actividade de Obradoiro de Manualidades por non conseguir o número mínimo de participantes establecido, así como a baixa das usuarias.
- 22.12.11.- Lista de admitidos nos Obradoiros de Nadal.
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 464,68 euros (indemnizacións ao tribunal para a selección dunha praza vacante de Animador/a Cultural).
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 260,72 euros (indemnizacións ao tribunal para a selección dunha praza vacante de Mestre Educación Infantil).
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 263,73 euros (indemnizacións ao tribunal para a selección dunha praza vacante de Monitor Deportivo).
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 198,56 euros (indemnizacións ao tribunal para a selección dunha praza vacante de Xefe Protección Civil).
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 390,32 euros (indemnizacións ao tribunal para a selección dunha praza vacante de Traballador Social).
- 22.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 94,40 euros (Asistencia Técnica Industrial SAU).
- 22.12.11.- Convocatoria XGL extraordinaria a celebrar o 23 de decembro.
- 23.12.11.- Altas e baixas nas actividades de prevención e inserción presentadas dende 29 de outubro ata o 22 de decembro de 2011.
- 23.12.11.- Contratación do servizo de “ Monitoraxe dos obradoiros de Nadal 2011”, á empresa Argallando, Educación e Tempo Libre, polo importe de 2.800 €, iva incluído.
- 23.12.11.- Contratación do servizo de “Transporte para a monitoraxe dos obradoiros de Nadal 2011”, á empresa Autocares Modesto Riveiro S.L., polo importe máximo de 900 €, iva incluído.
- 23.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 49.880,92 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 26.12.11.- Inclusión no Programa Municipal de Transporte Colectivo Gratuíto, presentadas neste Concello entre os días 16 de setembro e 16 de decembro de 2011.
- 26.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 600 euros (gasto matrícula Master Universitario en Dereito das AAPP).
- 27.12.11.- Nomear ao funcionario do Concello D. José Antonio Bouzas Neo, como secretario accidental do Concello durante os días 28, 29 e 30 de decembro de 2011.
- 27.12.11.- Baixa temporal dun neno na Escola Infantil Municipal.
- 27.12.11.- Pago de nóminas.
- 27.12.11.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 27.12.11.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 27.12.11.- Pago gratificacións a un funcionario.
- 27.12.11.- Abono da diferenza complementos específicos polo posto de interventor accidental.

27.12.11.- Pago de produtividade.

28.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de "Subministro de rede de enerxía eléctrica L.M.T.S. e C.T. para dar servizo a unha promoción de 5 vivendas no Paseo de Pedrouzos, 76" á empresa Malga S.L., por importe de 2.400,00 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de "Canalización eléctrica soterrada para a instalación dunha LMTS, CTC e RBT no lugar de Adoufe,", á empresa Malga S.L., por importe de 4.300,00 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario polo contrato de Xestión do servizo de piscinas municipais 2011, á empresa Barbatana SL por importe de 609,55 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario pola "Redacción do proxecto básico e de execución de piscina cuberta municipal en Lamiño, Brión", á sociedade Carbajo y Barrios Arquitectos Asociados SLP, por importe de 2.607,10 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario da obra "Rehabilitación dun edificio con destino a casa do concello", á empresa Constructora Outón S.L.U., por importe de 6.248,02 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario da obra "Rehabilitación dun edificio con destino a casa do concello", á empresa Constructora Outón S.L.U., por importe de 35.318,96 euros.

28.12.11.- Devolución da fianza definitiva do contrato de: Servizo de reparación e mantemento do alumado público 2010, á I.E.C. Reboredo S.L. polo importe de 1.950 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de "Canalización soterrada de rede de telecomunicacións en despliegue de rede fase 1ª" á empresa R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A, por importe de 17.000,00 euros.

28.12.11.- Devolución do aval bancario depositado das obras de "Urbanización ordinaria da parcela para construción dun edificio na Av/ de Noia nº 58, Brión", á empresa Cureal S.L., por importe de 16.000,00 euros.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 19,19 euros dun traballador.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción e peaxes polo importe de 48,98 euros dun traballador.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 208,06 euros dun traballador.

28.12.11.- Reintegro de 44,76 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado da recepción de material para o Encontro coa Arte.

28.12.11.- Reintegro de 109,72 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado da compra de produtos de alimentación para o Encontro coa Arte.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 136,04 euros dun traballador.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción e peaxe polo importe de 45,76 euros dun traballador.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 8,36 euros dun traballador.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 20.362,01 euros (facturas varias).

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.343,21 euros (Telefónica España).

28.12.11.- Aprobación conta xustificativa de gastos derivados do Camiño de Santiago no mes de xullo de 2011.

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6.210 euros (asistencias dos concelleiros ás sesións do 4º trimestre).

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 11.454,20 euros (facturas varias).

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 199,63 euros (taxas BOP).

28.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 29.361,86 euros (Gas Natural Sur SDG SA).

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 413,06 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 118,37 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 80,37 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 34,20 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción e peaxe polo importe de 313,60 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 103,04 euros dun traballador.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 30,40 euros dun traballador.

29.12.11.- Reintegro de 2,55 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado do servizo de reprografía.

29.12.11.- Embargo de créditos da empresa Comercial Barcia Pazos S.L.por importe de 250,33 euros a favor da SS.

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.493,29 euros (Malga SL).

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 19.830,21 euros (facturas varias).

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 11.620,57 euros (facturas varias).

29.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 16.214,22 euros (Feiraco).

30.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de locomoción polo importe de 66,69 euros dun traballador.

30.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D^a. Asunción Blanco Vidal, por importe de 10 euros.

30.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D^a. Purificación Vittori Vázquez, por importe de 10 euros.

30.12.11.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2011 a nome de D. José Martín García Huesca.

30.12.11.- Liquidación taxas XGL celebrada o 23 de decembro.

30.12.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de decembro de 2011.

30.12.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de decembro 2011.

30.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 136.073,15 euros (facturas varias).

30.12.11.- Reintegro de 6,19 € a un traballador polo pagamento anticipado por gastos derivados do rexistro dunha acta de ocupación no Rexistro da Propiedade de Negreira.

30.12.11.- Reintegro de 5,00 € a un traballador polo pagamento anticipado por gastos derivados de ferretería.

30.12.11.- Reintegro de 1,80 € a un traballador polo pagamento anticipado por gastos derivados de ferretería.

30.12.11.- Reintegro de 1,80 € a un traballador polo pagamento anticipado por gastos derivados de ferretería.

30.12.11.- Inclusión de solicitantes na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

30.12.11.- Prorrogar os créditos iniciais dos gastos previstos no orzamento para o ano 2011, así como as previsións de ingresos contempladas no orzamento para o referido exercicio.

30.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 159,30 euros (Centyc Europa SL).

30.12.11.- Aprobar a conta xustificativa dos gastos ocasionados con motivo da adquisición de material para atender os gastos correntes de carácter periódico e repetitivo da Escola Infantil Municipal.

30.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D. Jesús Manuel Fernández Pena por importe de 50,00 euros.

30.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D. Luis Dopazo Ferreiro por importe de 30,00 euros.

30.12.11.- Devolución de ingresos indebidos a D^a. M^a. José Alonso Vicente por importe de 80,00 euros.

30.12.11.- Embargo de créditos á empresa Comercial Barcia Pazos S.L. por importe de 1.004,67 euros a favor da SS.

30.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 24.940,46 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza).

30.12.11.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 33/2011.

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 7.921,64 euros (Meular Servicios Asistenciais SL).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 28.158,68 euros (facturas varias).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polos importes de: 3.175,88 euros (funcionamento do grupo do PSOE 2º semestre), 1.663,56 euros (funcionamento do grupo do PP 2º semestre), 1.380,82 euros (funcionamento do grupo do BNG ano 2011).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 253,98 euros (Rosa Fernández Valiño SL).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 216,60 euros (Rosa Fernández Valiño SL).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 746,33 euros (Unión Fenosa).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 47.388,49 euros (facturas varias).

31.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 967,60 euros (El Muelle Servicios Hosting SL).

02.01.12.- Peche expediente de reposición da legalidade urbanística a D. José Brea Camiño pola implantación de peche vexetal a carón dun camiño da aldea de Beca.

02.01.12.- Autorización para celebrar o día 7 e 8 de xaneiro de 2012 os festexos de San Xulián no lugar de A Igrexa-Bastavales.

02.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 448,40 euros (Telefónica Móviles).

03.01.12.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a Lois Gómez Rogelio y José Manuel S.C. polas actuacións realizadas nas inmediacións da aldea de A Pedreira (Luaña).

03.01.12.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de Viaxe para a terceira idade do Concello de Brión para o ano 2012 con destino a Marbella ou Torremolinos.

05.01.12.- Convocatoria sesión extraordinaria urxente da XGL a celebrar o 5 de xaneiro.

05.01.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro de 2012.

05.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 91,82 euros (CP Agro Novo).

09.01.12.- Adxudicación á empresa Coesco-Deza S.L. (Xerocatering-Culinaria) o contrato de servizos de: Catering da escola infantil municipal de Brión, polo prazo de dous anos, polo prezo unitario por menú diario 3,02 euros.

09.01.12.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de servizos de Viaxe para a terceira idade do Concello de Brión para o ano 2012.

09.01.12.- Contratar o servizo de: Substitución da traballadora D^a. Silvia Fernández Alfonso na Escola Infantil Municipal por razón de baixa por maternidade/enfermidade, á empresa Socyser, polo importe máximo de 18.823'32 €, iva incluído.

10.01.12.- Aprobación do padrón fiscal polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 4^o trimestre de 2011.

11.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 24 euros (taxa Deputación da Coruña).

12.01.12.- Altas no padrón correspondentes ao mes de decembro.

12.01.12.- Baixas no padrón correspondentes ao mes de decembro.

12.01.12.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do contrato de servizos de escolas musicais 2012.

12.01.12.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do contrato de servizos de escolas culturais 2012.

12.01.12.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do contrato de servizos de escolas deportivas 2012.

13.01.12.- Autorizar a comisión de servizos solicitada para que o funcionario D. Alberto Iglesias Fungueiriño sexa nomeado como arquitecto do Concello de Teo.

13.01.12.- Inclusión de solicitantes na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

16.01.12.- Convocatoria XGL a celebrar o 17 de xaneiro.

17.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 107,34 euros (CP Agro Novo e Cableuropa SAU).

18.01.12.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación da relación de postos de traballo do Concello.

18.01.12.- Aprobación liquidacións da XGL do 17 de xaneiro.

20.01.12.- Baixa dun veciño no padrón de habitantes do Concello de Brión por cambio de residencia.

20.01.12.- Modificar a numeración do edificio situado no lugar de Aguiar parroquia de San Fins de Brión que ten actualmente dous portais de acceso identificados cos números 9 e 10.

24.01.12.- Contratar o servizo de "Saída Cultural a Chaves 2012" durante os días 3 e 4 de marzo de 2012, mediante o procedemento de contrato menor, polo importe máximo de 3.381,00 €, iva incluído.

24.01.12.- Contratar o servizo de "Actividades acuáticas dirixidas para a terceira idade", desde xaneiro ata o 30 de xuño de 2012 e desde o 1 de outubro ata o 31 decembro de 2012 á empresa Aquafit Gestión SL, polo importe máximo de 6.400,00 €, iva incluído.

24.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25,35 euros (CP Agro Novo).

25.01.12.- Facilitar ao voceiro do PP copia das Normas Subsidiarias de Planeamento publicadas no BOP do 21.02.1991.

25.01.12.- Aprobación das bases do concurso de disfraces do Entroido 2012.

25.01.12.- Modificación no padrón do lixo correspondente ao ano 2012 os recibos correspondente aos edificios nº 9 e 10 de Aguiar, nos que figura como titular D. Carlos Mourelle Viqueira.

26.01.12.- Aprobar unha primeira e única prórroga do contrato de asesoramento xurídico en materia de urbanismo asinado polo letrado D. Carlos Abal Lourido, por un prazo de tres anos e polo importe de 826 €/mes, iva incluído.

27.01.12.- Solicitud de subvención para a promoción do uso da lingua galega.

30.01.12.- Arquivo de expediente das molestias causadas polo funcionamento da campá extractora restaurante Kratos.

30.01.12.- Inclusión de solicitantes na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

30.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.692,04 euros (Telefónica España e A Voz de Galicia).

31.01.12.- Solicitud da subvención para a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais.

31.01.12.- Adxudicar á empresa Viajes Viloria S.A., a execución do contrato de servizos de: Viaxe para a terceira idade do Concello de Brión para o ano 2012 con destino a Marbella ou Torremolinos, por un importe ordinario unitario de 390,00 €/persoa, iva incluído.

31.01.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 505,04 euros (Copinova Dixital).

31.01.12.- Pago de nóminas.

31.01.12.- Pago gratificacións a laborais.

31.01.12.- Pago gratificacións a funcionarios.

31.01.12.- Abono da diferenza complementos específicos polo posto de interventor accidental.

31.01.12.- Recoñecemento de trienio a un funcionario.

01.02.12.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo do ano 2011 a nome de D. Emilio Castiñeiras Rodríguez.

01.02.12.- Autorización para celebrar o día 3 de febreiro de 2012 os festexos de San Blas no lugar de Soigrex-a-Os Ánxeles.

01.02.12.- Altas no padrón mes de xaneiro.

01.02.12.- Baixas no padrón mes de xaneiro.

01.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 419,76 euros (Telefónica Móviles).

02.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa SL).

03.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 96,86 euros (CP Agro Novo).

06.02.12.- Inicio de expediente de rectificación do inventario.

06.02.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2012.

06.02.12.- Aprobación a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de xaneiro 2012.

06.02.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro de 2012.

06.02.12.- Estimación parcial de recurso de reposición en expediente de reposición da legalidade urbanística tramitada a instancia de D^a. Gloria Rodríguez Álvarez.

06.02.12.- Convocatoria XGL a celebrar o 7 de febreiro.

08.02.12.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público de Axuda a domicilio.

08.02.12.- Aprobación liquidación taxas da XGL celebrada o 7 de febreiro.

08.02.12.- Autorización ao voceiro do PP para examinar o expediente relativo á obra de levantamento dun peche de formigón en Vioxo de Abaixo 9.

08.02.12.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, 4º trimestre de 2011.

10.02.12.- Convocatoria Comisións Informativas a celebrar o 14 de febreiro e Pleno ordinario para o 15 de febreiro.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE RECURSO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 3 de febreiro de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14 de febreiro de 2012, que transcrita di:

Visto o estado no que se atopa o expediente de contratación tramitado polo Concello para a contratación do servizo público de saneamento, por procedemento aberto con varios criterios de adjudicación, téndose publicado o anuncio de licitación no BOP do 02.01.2012 e no perfil de contratante do Concello con data 02.01.2012 e a modificación dos pregos e apertura dun novo prazo de presentación de proposicións publicada no BOP do 10.01.2012 e no perfil de contratante do Concello con data 09.01.2012.

Resultando que con data 25.01.2012 rematou o prazo de presentación de proposicións.

Resultando que a empresa Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, mediante escrito con rexistro de entrada núm. 165, do 26.01.2012, presenta recurso contra o anuncio de licitación, o contido dos pregos e demais documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexir a contratación da xestión do servizo público de saneamento.

Visto o informe emitido por Secretaría do 3 de febreiro de 2012 informando favorablemente a desestimación do recurso presentado.

Considerando que o órgano competente para a resolución deste recurso é o Pleno do Concello posto que aínda que está delegada a competencia plenaria en materia de contratación no Pleno (BOP do 27 de xuño de 2011), non está delegada a competencia para a resolución de recursos nos órganos administrativos que ditaran os actos obxecto de recurso ao abeiro do disposto no art. 13.2 c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, por ser unha competencia

indelegable por Lei (art. 47.2.ap. o) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar o recurso presentado por Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, polos seguintes motivos consonte co informe de Secretaría:

A empresa Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua presenta o escrito referenciado no que sinala no apartado 1: Que según o disposto no art. 40.5, en relación co art. 40.2.a) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, interpoño RECURSO contra o anuncio de licitación, o contido dos pregos e demais documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexir a contratación, ditada por este Concello, con base nas alegacións que estima oportunas na defensa dos seus dereitos.

Igualmente no solicita sinala que se teña por interposto este RECURSO contra o anuncio de licitación, así como contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexir a contratación...”

A este respecto é preciso sinalar que o art. 40 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sinala:

“” Artículo 40. *Recurso especial en materia de contratación: Actos recurribles.*

1. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo a la interposición del contencioso-administrativo, los actos relacionados en el apartado 2 de este mismo artículo, cuando se refieran a los siguientes tipos de contratos que pretendan concertar las Administraciones Públicas y las entidades que ostenten la condición de poderes adjudicadores:

a) Contratos de obras, concesión de obras públicas, de suministro, de servicios, de colaboración entre el Sector Público y el Sector Privado y acuerdos marco, sujetos a regulación armonizada.

b) Contratos de servicios comprendidos en las categorías 17 a 27 del Anexo II de esta Ley cuyo valor estimado sea igual o superior a 193.000 euros y

c) Contratos de gestión de servicios públicos en los que el presupuesto de gastos de primer establecimiento, excluido el importe del Impuesto sobre el Valor Añadido, sea superior a 500.000 euros y el plazo de duración superior a cinco años.

Serán también susceptibles de este recurso los contratos subvencionados a que se refiere el artículo 17.

2. Podrán ser objeto del recurso los siguientes actos:

a) Los anuncios de licitación, los pliegos y los documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación.

b) Los actos de trámite adoptados en el procedimiento de adjudicación, siempre que éstos decidan directa o indirectamente sobre la adjudicación, determinen la imposibilidad de continuar el procedimiento o produzcan indefensión o perjuicio irreparable a derechos o intereses legítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento los actos de la Mesa de Contratación por los que se acuerde la exclusión de licitadores.

c) Los acuerdos de adjudicación adoptados por los poderes adjudicadores.

Sin embargo, no serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación los actos de los órganos de contratación dictados en relación con las modificaciones contractuales no previstas en el pliego que, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 105 a 107, sea preciso realizar una vez adjudicados los contratos tanto si acuerdan como si no la resolución y la celebración de nueva licitación.

3. Los defectos de tramitación que afecten a actos distintos de los contemplados en el apartado 2 podrán ser puestos de manifiesto por los interesados al órgano al que corresponda la instrucción del expediente o al órgano de contratación, a efectos de su corrección, y sin perjuicio de que las irregularidades que les afecten puedan ser alegadas por los interesados al recurrir el acto de adjudicación.

4. No se dará este recurso en relación con los procedimientos de adjudicación que se sigan por el trámite de emergencia regulado en el artículo 113 de esta Ley.

5. No procederá la interposición de recursos administrativos ordinarios contra los actos enumerados en este artículo, salvo la excepción prevista en el siguiente con respecto a las Comunidades Autónomas.

Los actos que se dicten en los procedimientos de adjudicación de contratos administrativos que no reúnan los requisitos del apartado 1, podrán ser objeto de recurso de conformidad con lo dispuesto en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

6. El recurso especial regulado en este artículo y los siguientes tendrá carácter potestativo.”

O recurso especial en materia de contratación é un recurso que cabe soamente contra os actos relacionados no apartado 2 deste artigo, cando se refiran aos tipos de contratos relacionados entre os que non se encontra o contrato de saneamento que se está a tramitar por este Concello posto que non se da o requisito necesario esixido para os contratos de xestión de servizos públicos de que o orzamento de gastos de primer establecemento, excluído o importe do imposto sobre o valor engadido, sexa superior a 500.000 euros.

Se considera que a empresa presenta o recurso omitindo deliberadamente a clase de recurso de que se trata, tentando crear confusión, sen chegar a comprenderse a súa finalidade. A este respecto e consonte co sinalado parece evidente que non procede a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Tentando buscar unha posible calificación do recurso presentado sinala a empresa que formula o recurso, que presenta e isto é importante reflexalo, con posterioridade ao remate do prazo de presentación de ofertas que rematou o día 25 de xaneiro de 2012, ao abeiro do disposto no apartado 5 dese artigo, pero o mencionado apartado ten dous parágrafos sinalando o primeiro que non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios contra os actos enumerados neste artigo, agás a excepción prevista no seguinte con respecto ás Comunidades Autónomas.

O parágrafo 2 deste apartado 5 sinala que os actos que se dicten nos procedementos de adxudicación de contratos administrativos que non reúnan os requisitos do apartado 1, poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

É preciso sinalar que o recurso especial en materia de contratación é un recurso especial para determinados actos e só para determinados contratos, para o resto de contratos e actos non procede a interposición de recursos administrativos ordinarios, tal consideración tería o recurso de reposición, contra os actos enumerados neste artigo, agás a excepción prevista no art. 41 con respecto ás Comunidades Autónomas, que non resulta de aplicación pois aos entes locais.

Os outros actos que non reúnan os requisitos do apartado 1, apartado que se remite aos actos relacionados no apartado 2, entre os que se encontran a) Los anuncios de licitación, los pliegos y los documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación, poderán ser obxecto de recurso consonte coa Lei 30/1992.

Así pois contra estes actos non pode interpoñer recurso de reposición, realmente parece que existe unha contradicción entre o parágrafo primeiro e o segundo deste apartado 5, máxime cando a empresa podería non ter lexitimación activa posto que non participou na licitación, para elo debería ter presentado escrito de alegacións que se terían en conta polo órgano de contratación á hora de adoptar a resolución do procedemento, e logo podería impugnar os actos administrativos que se dicten no procedemento de adxudicación, pero o único que presentou foi un escrito con rexistro de entrada no Concello núm. 43, do 10.01.2012, solicitando información adicional ou aclaracións, información adicional que foi facilitada mediante escrito do mesmo 10.01.2012 e que consta recibido pola empresa segundo o aviso de recibo de correos con data 12.01.2012.

Non resultando posible deducir o verdadeiro carácter do recurso presentado e en todo caso non sendo posible presentar un recurso especial en materia de contratación e considerando que é posible que o recurso que se interpuxo poida ser o de reposición e co galo de solventar o fondo do asunto, e non inadmitir por cuestións formais aínda que se considera que pode existir base xurídica suficiente, se informan as alegacións presentadas:

1ª) Omisión da esixencia de publicidade no Diario Oficial de Galicia, téndose publicado unicamente no Boletín Oficial da Provincia.

Fundamenta a alegación no informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia do 27.05.2008 que sinala que mantense a vixencia do art. 326 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que esixe a publicidade dos anuncios no BOP e no DOG nos procedementos abertos ou restrinxidos.

En primeiro lugar sinalar que se trata dun ditame facultativo e non vinculante, máxime tendo en conta que é o órgano consultivo en materia de contratación da Comunidade Autónoma, non das entidades locais, aínda que estas poidan facultativamente solicitar informe.

Se entende derogado tacitamente o artigo mencionado en virtude dos principios de de que a lei posterior derroga á lei anterior e a lei especial (TRLCSP) derroga á lei xeral (LALGA) e no mesmo sentido se pronuncia a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado no seu informe 56/2007, de 24 de xaneiro de 2008, respecto dunha cuestión semellante de contradición entre a lei de bases de réxime local e do regulamento de servizos das corporacións locais, ao sinalar que debe estarse en todo caso á aplicación das normas da lei de contratos das administracións públicas.

Por outra banda o artigo 53 do TRLCSP ao regular o perfil do contratante reforza a transparencia e acceso público á información contractual e o anuncio de licitación foi publicado no perfil de contratante do Concello.

Ademais, en apoio desta interpretación, o propio artigo 142.1 do TRLCSP sinala que os procedementos para a adxudicación de contratos das administracións públicas, a excepción dos negociados que se sigan en casos distintos dos contemplados nos apartados 1 e 2 do art. 177, deberán anunciarse no Boletín Oficial do Estado. Non obstante, cando se trate de contratos das Comunidades Autónomas, entidades locais ou organismos ou entidades de

dereito público dependentes das mesmas, se poderá substituír a publicidade no Boletín Oficial do Estado pola que se realice nos diarios ou boletíns oficiais autonómicos ou provinciais.

2ª) Mención a lexislación derogada.

A empresa sinala que nos pregos hai referencias á lexislación derogada pois en dúas cláusulas, as núm. 11 e 13 figuran artigos coa abreviatura LCSP cando debe figurar TRLCAP.

Carece de trascendencia algunha posto que na cláusula 1ª do prego de cláusulas administrativas se sinala que o presente prego ten como obxecto a contratación da xestión do servizo público (modalidade concesión) do servizo de saneamento do Concello de Brión, nos termos previstos nos art. 8 e 275 a 289 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), polo que trataríase dun simple erro material, pero sen trascendencia ningunha porque o contido dos artigos a que fan referencia as cláusulas son os do TRLCSP como se deduce simplemente coa súa lectura.

3ª) Incompleta codificación do obxecto do contrato en relación ao obxecto do mesmo establecido na cláusula 1ª do prego.

Se sinala pola recorrente que a Xunta Consultiva de Contratación do Estado no seu informe 35/2008, de 25 de abril, sobre recomendacións do contido básico dos pregos se contempla a necesidade de que se detalle con precisión o obxecto do contrato conforme aos códigos da nomenclatura CPV. Se alega que o obxecto do contrato ademais da xestión e explotación da rede de alcantarillado (cuxo código CPV se identifica), inclúe tamén a xestión de fosas sépticas, pequenas estacións depuradoras de augas residuais e estacións de bombeo que non están incluídas dentro do mesmo código.

Cabe sinalar que é unha simple recomendación dun órgano consultivo, que non é fonte de dereito, non ten os efectos propios dunha norma xurídica con forza de obrigar e ademais consonte co art. 67 do RD 1098/2011, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, figura con precisión o obxecto do contrato, o obxecto principal, se ben e con independencia dunha hipotética codificación numérica, deben prestarse os servizos conexos indicados nos pregos e que son propios da xestión dun servizo municipal de saneamento, en todo caso non se produciu ningunha indefensión ou perxuízo irreparable posto que como recoñece na súa alegación coñece con precisión o obxecto do contrato.

Por outra banda cabe sinalar que as normas sobre uso das distintas clasificacións de produtos por actividades estas teñen virtualidade cara a función estatística pública, non afectando ao contido da prestación, cuxa delimitación está claramente especificada nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

4ª) Ausencia de valor estimado do contrato así como da correspondente autorización do gasto no prego respecto ás contraprestacións que recibirá o adxudicatario.

O artigo 88 do TRLCSP sinala que a todos os efectos previstos nesta lei, o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total, sen incluír o IVE, pagadero segundo as estimacións do órgano de contratación. No cálculo do importe total estimado, deberán terse en conta calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.

Se considera que este artigo o único que fai é indicar que se entende por valor estimado dun contrato (con ou sen IVE) e a súa contía opera aos efectos de aplicar o procedemento de adxudicación que corresponda por mor da contía e que comprende posibles prórrogas, posibles modificacións, que influirán na contía do prezo de licitación e en consecuencia na elección do procedemento legalmente establecido por mor da contía.

Por outra banda a cláusula 5ª sinala que dadas as características do presente contrato non se establece tipo de licitación e isto non ten ningunha trascendencia práctica, é legalmente posible é de feito faise habitualmente nos contratos de xestión de servizo público e non produce indefensión nin causa perxuízo algún.

Alega igualmente que consonte co art. 99 da LCSP (hoxe art. 115 do vixente TRLCSP) os pregos deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela e sempre antes da licitación do contrato. A este respecto cabe sinalar que iso é para o caso de que o contrato orixine gastos para a administración, que non é o caso, posto que o concesionario se retribúe directamente dos usuarios do servizo, non do Concello, tal e como consta nos pregos e por outra banda tampouco é un requisito que deba figurar expresamente nos pregos.

5ª) Inexistencia de Regulamento municipal que regule o servizo.

Non existe nin no Regulamento de servizos das corporacións locais, nin no TRLCSP, a necesidade expresa de aprobar un regulamento dun servizo público con anterioridade á súa prestación, poidendo facerse con posterioridade á súa licitación, que por outra banda é o frecuente, posto que a proposta de organización do servizo que presenten os licitadores (cláusula 12.2.1) influirá no contido e na forma de prestar (regular) o servizo; regulamento do servizo que se elaborará posteriormente e que en todo caso deberá respectar o contido dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Por outra banda en todo caso as normas xurídicas reguladoras dun servizo público en ausencia dun regulamento devienen directamente da Lei de bases de réxime local, Regulamento de servizos das corporacións locais, TRLCSP e a falta do mesmo, rexerá a normativa especificada na cláusula 32 que regula o dereito supletorio e as instrucións de servizo que poida dar a Alcaldía como órgano competente para dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais (art. 21 Lei 7/85, do 2 de abril).

Finalmente sinalar que a ausencia dun regulamento non ten nada que ver coa licitación e polo tanto por este motivo non se pode impugnar o prego por esta causa.

6ª) Inexistencia de formula de revisión de prezos.

Alega que o art. 89.1 do TRLCSP establece que nos contratos de xestión de servizos públicos, a revisión de prezos poderá ter lugar logo de transcorrido o primeiro ano..., e que o art. 89.3 sinala que o prego de cláusulas administrativas ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable, e que non se establece a fórmula de revisión a que atenerse o licitador para realizar a súa oferta.

Non figura nos pregos de cláusulas administrativas cláusula de revisión de prezos porque non resulta necesario que figure, a lei di que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable, e isto non fai que se descoñeza a referencia para tomar en conta a revisión da retribución do concesionario, é o licitador o que de conformidade coa cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares no sobre coa oferta económica debe presentar un estudo económico xustificativo dos gastos que comporta a xestión encomendada, de acordo co estipulado no proxecto de explotación do servizo; este estudo deberá ser o máis detalado posible, incluíndo as distintas partidas de costes que integran a oferta económica, mostrando con total transparencia o procedemento seguido, debendo incluír neste apartado o estudo económico previsto para a duración do contrato, e isto formará parte do contrato; en todo caso, na cláusula 20 se atopa establecido o réxime para manter o equilibrio económico da concesión.

7ª) Valoración das propostas das melloras.

Alega contradición entre as cláusulas 12.2 en relación coa cláusula 15.1 por vincular un criterio subxectivo que se descoñece cal é "en caso de resultar de interés para o Concello" dando a entender que se non son consideradas de interese (criterio subxectivo) non se valorarán conforme á formula citada na cláusula 15.1 (criterio obxectivo).

Se considera que a redacción de cláusula: Proposta de melloras a cargo do concesionario: As propostas de melloras deben estar valoradas economicamente e, en caso de resultar de interese para o Concello, serán valoradas en atención á súa contía; se interpreta que a dicción "en caso de resultar de interese para o Concello" se establece non como criterio excluínente, senón como límite obxectivo á presentación de melloras polo simple feito de presentar melloras que non teñan interese ningún para o servizo, en todo caso o interese como criterio subxectivo, que non quere dicir discrecional nin arbitrario, está limitado polo criterio obxectivo de que consonte coa cláusula 12.2.3) se consideren necesarias para un axeitado funcionamento e optimización do servizo; calquera ocorrencia que se oferte como mellora lóxicamente se non ten ningún interese para o servizo non se valorará, pero o que non pode facerse é limitar de tal forma as melloras posibles que xa os licitadores non teñan outras posibilidades, pois ese é precisamente o obxecto dun procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

8ª) Conculcación do principio de libre concorrancia.

Alega en resumo, que agás a actual concesionaria non se dispón dos datos mínimos para poder concorrir; que o criterio obxectivo que é a proposta económica debería valorarse por debaixo dos dez puntos, sendo necesario entón a intervención dun comité de expertos e que a cláusula 4 do prego de condicións técnicas establece a obriga de facturar os recibos, previa lectura dos consumos de abastecemento de auga potable, e esa esixencia da clara ventaxa para o actual concesionario de abastecemento de auga potable porque serían gastos fixos que podería non incluír na súa oferta, condicionando as ofertas dos futuros licitadores, obviándose os recursos e información que xa posee o Concello como titular dos seus servizos co fin de abaratar os costes do servizo que se pretende licitar.

O principio de igualdade rixe para situacións iguais dentro do principio de legalidade e resulta patente que non é igual a posición do actual concesionario do servizo municipal de abastecemento de augas que a de calquera outro licitador, pero iso non quere dicir que se conculquen os principios de libre concorrancia e de non discriminación, e o Concello facilitou os datos económicos dos que dispón mediante escrito da Alcaldía do 10.01.2012 e o estudo económico do ano 2011 do servizo de saneamento mediante correo electrónico de data 02.01.2012, e por outra banda se entende que o estudo económico xustificativo dos gastos de acordo co estipulado no proxecto de explotación do servizo, se refire ao proxecto de explotación do servizo que debe presentar o licitador.

Respecto do importe do canon, estará en función do que cada licitador quera ofrecer, existe liberdade para ofrecer o que se queira, e se considera que isto non limita o principio de libre concorrancia, e por outra banda tampouco é o único criterio económico do procedemento aberto, posto que tamén existen as melloras.

Respecto da alegación referente á lectura dos contadores é preciso sinalar que os servizos de abastecemento de auga e depuración son de titularidade municipal e o Alcalde como representante legal do Concello e por atribución propia dirixe, inspecciona e impulsa os servizos municipais (art. 21.1.b e d da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), polo que se considera que non existe ningunha discriminación pois as posicións do concesionario do servizo de auga e outro licitador son diferentes.

10ª) Contradicións do prego de condicións técnicas coas aclaracións efectuadas polo Concello posteriormente.

Alega que no prego pon que o oficina de servizo debe estar instalada en lugar céntrico da zona urbana do municipio e na aclaración que se fixo pon que a oficina de servizo poderá estar en

Brión ou nos concellos do arredor e que isto é unha modificación do prego que deberá conlevar unha nova aprobación e posterior publicación do mesmo.

Se considera que a aclaración que se fixo polo Concello podería conceptuarse como unha modificación do prego, pero igualmente podería conceptuarse como unha interpretación do mesmo, que en todo caso e isto é o importante, non menoscaba os principios de publicidade, nin transparencia, posto que para xeral coñecemento publicouse no perfil de contratante con data 10.01.2012, polo que unha nova publicidade podería ser necesaria se o Concello non dispuxera de perfil de contratante, que é onde se publica a documentación referente á licitación, tanto aclaracións como outra información complementaria que se poida producir e sexa de interese para os licitadores na fase de presentación de ofertas, e non faría senón retrasar o expediente por causa inxustificada posto que a propia empresa manifesta que coñece a aclaración, e non ten nada que ver coa presunción de aceptación da totalidade das cláusulas, máxime cando a interpretación foi realizada a instancia da empresa recorrente, polo que non se entende que sexa agora a mesma a que o alega como defecto.

11ª) Falta dun convenio que regule a xestión entre os Concellos de Ames e Brión da Edar de Bertamiráns.

Alega que o contrato comprende o pago ao Concello de Ames polo vertido á depuradora de augas residuais, polo que sinala que se deduce que debe existir un convenio.

Non se ten constancia da existencia de ningún convenio, que por esta Secretaría se considera necesario que se tivese formalizado. Non obstante mediante escrito da Alcaldía do 10.01.2012, recibido pola empresa recorrente segundo aviso de recibo de correos con data 12.01.2012 se lle informaba do custo por vertido remitido por Espina y Delfín correspondente ao ano 2010 correspondendo o 77,95% ao Concello de Ames e o 22,05% ao Concello de Brión e posto que se lle informou dos datos do custo a falta dun convenio non se considera motivo para impugnar os pregos de contratación.

12ª) Falta de datos para realizar os documentos da oferta.

Sinala que con data 10.01.2012 solicitou información mediante escrito con rexistro de entrada núm. 43 dos datos técnicos das instalacións para poder realizar o documento solicitado polo prego de "análisis detallado da situación técnica actual" e non recibiron ningún dato das características técnicas das instalacións polo que non lles resulta posible realizar o documento da oferta nin o análisis detallado da situación técnica actual.

Consta no expediente que mediante escrito da Alcaldía núm. 64, do 10.01.2012, recibido polo interesado segundo o aviso de recibo de correos con data 12.01.2012, remitiuse en autocad os planos das redes e datos técnicos do resto das instalacións consonte co solicitado.

13ª) Contradición do prego de condicións técnicas sobre quen abona o custo da enerxía eléctrica das instalacións.

Alega que existe contradición entre a cláusula 4.1: costes do servizo, onde se sinala que o contratista asume os custos de gastos de enerxía, combustibles, transporte, almacenamento etc., e o apartado 2 da mesma cláusula: prestación do servizo onde se di que o custo de electricidade das estacións de bombeo será por conta do Concello e por outra banda no perfil como documentación complementaria para realizar a oferta se indica o coste enerxético de 7 das 21 instalacións referidas no prego, polo que non queda claro se o custe da enerxía o debe pagar o Concello ou o concesionario.

Se considera que non existe tal contradición posto que os custos de enerxía eléctrica como dispón a cláusula 4.1, apartado costes do servizo, son por conta do contratista, agás o custo de electricidade das estacións de bombeo como dispón a cláusula 4.1, apartado prestación do

servizo, que son por conta do Concello e que son os especificados na información complementaria que publicouse para xeral coñecemento no perfil de contratante.

2º) Continuar coa realización dos trámites do procedemento de licitación que se está a tramitar.

3º) Notificar á empresa Aquagest a resolución do recurso presentado para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2012 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 8 de febreiro de 2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 14 de febreiro de 2012, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercizo económico 2012 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e visto o informe de Intervención de data 6 de febreiro de 2012, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercizo económico 2012, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de persoal	1.937.241,57 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos	1.934.157,37 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros.....	68.963,72 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	470.270,93 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos reais	255.202,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	0,00 €

CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	284.836,02 €
TOTAL:	4.970.671,61 €

ESTADO DE INGRESOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos directos	1.349.802,53 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos	80.000 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.120.931,96 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	2.096.990,24 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais	3.050,00 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais.....	3.000,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.	146.896,88 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.	150.000,00 €
TOTAL:	4.970.671,61 €

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2012, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

5º) Tomar coñecemento do informe de intervención de data 6 de febreiro de 2012 de avaliación da estabilidade orzamentaria, e remitilo ao órgano que exerce a tutela financeira da Comunidade Autónoma no prazo de 15 días desde a toma de coñecemento polo Pleno.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que neste punto en concreto os concelleiros do PP abandonamos o salón de plenos por non ter a documentación con suficiente antelación, que o Alcalde comprometeuse antes con este grupo a darlle a documentación cunha semana de antelación e non cumpriu a súa palabra posto que dounos a copia do orzamento o venres pola

tarde e o orzamento saíu no xornal o sábado, e remata sinalando que non sabemos se non quere que fagamos o noso traballo de oposición.

Neste intre os catro membros do grupo municipal do PP abandonan o salón de plenos.

O Sr. Alcalde sinala que o orzamento déuselles o venres, con seis días de antelación, e unicamente que non tiveran tempo para velo por estar ocupados en ver obras de veciños para denuncialos; engade que é importante explicar o orzamento aos veciños porque é o que imos ter; que este ano o Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas extraordinarias do Goberno, unido á baixa laboral da titular da Intervención, fixo que trouxeramos o mesmo en febreiro e non antes de rematar o ano como se fixo sempre, e quero agradecer o traballo feito polo departamento de Intervención polas moitas horas traballadas; que nós non imos facer como o goberno do Sr. Rajoy e non imos esperar polas eleccións andaluzas ou asturianas e que faremos cambios que seguro que haberá que facer polos orzamentos do Estado; engade que o orzamento é a resposta á difícil situación económica do país e por encima o goberno do Sr. Feijóo fai caso omiso dos acordos do bipartito concretados no pacto local, neste contexto se presentan as contas baseadas na eficiencia no gasto e que son tan só 3.000 euros menos que o orzamento do ano pasado, se trata de mellorar os servizos, máis atención cidadá, máis infraestruturas, máis cultura, etc...; se trata de facer de Brión un concello agradable para vivir; os gastos correntes en bens e servizos se incrementan e igualmente as transferencias correntes para subvencionar ás asociacións; do mesmo xeito e de acordo co compromiso de contención de gasto non se prevén novas obras senón que o 40% dos investimentos se destina a mantemento dos servizos existentes, mentras que o 60% restante do anexo de investimentos se destina a manter en bo estado a nosa rede de estradas e beirarrúas; engade que imos facendo un importante esforzo de redución da débeda, tiñamos unha débeda do 43% cando o tope estaba no 110% e no 2011 reduciuse a débeda en máis de 400.000 euros e con este orzamento agardamos reducila en máis de 300.000 euros, co que rematarase o ano cun endebedamento do 30,83%, un dos máis baixos de Galicia.

Sinala que se produce igualmente unha redución dos gastos de persoal por baixas e comisións de servizo e como consecuencia igualmente da modificación da relación de postos de traballo recentemente aprobada; por outra banda se prevé un maior esforzo fiscal das rendas máis altas a través do imposto sobre bens inmobles; igualmente como vostedes saben, no ano 2011 se produciron incidencias sobre o suposto fraccionamento dos servizos, en Pleno se pediron instrucións por parte da Intervención e aínda seguimos esperando polas mesmas, e por iso agora na base 33 xa figura isto e na base 25.6 ao regular os contratos menores engadiuse que a Intervención municipal deberá, a principios de cada exercicio, identificar aqueles gastos que polo seu carácter periódico en exercicios anteriores deba ser obxecto de licitación para non incorrer nun suposto fraccionamento do obxecto do contrato expresamente prohibido polo artigo 74 da Lei de contratos do sector público, e con esta medida agardamos que non se dean os problemas que se deron o ano pasado

Engade o Sr. Alcalde que o Concello paga e paga ben, nunca máis aló de 55 días de media.

Remata sinalando que o orzamento é o documento máis importante que se aproba no ano, lamentamos a postura do PP porque ocupou o tempo noutras cousas ou porque non teñen nada que dicir, e que non lle podemos dicir o que nos debe a Xunta de Galicia e non nos pagou, así en materia de servizos sociais, mantemos as mesmas contías do ano pasado, que pagará o Concello.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4), ao abeiro do disposto no art. 100.1 do ROF.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

Se incorporan neste intre ao salón de plenos os catro membros do grupo municipal do PP.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 6 de febreiro de 2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14 de febreiro de 2012, que transcrita di:

Visto o escrito asinado por D. Carlos Airas Cota, que di actuar en representación da empresa Aquafit Gestión S.L., actual concesionario do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, de data 31 de xaneiro de 2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 211, do 31 de xaneiro de 2012, no que fai unha proposta de revisión do horario de apertura da piscina, de tal xeito que se incrementa o horario de apertura en 33 horas ao ano asumindo o concesionario o coste co fin de facilitar que un maior número de usuarios poidan facer uso da instalación.

Considerando que o Regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal sinala no seu apartado 5:

“ 5.1. HORARIOS DA INSTALACIÓN E DATAS DE PECHE.

5.1.1. Horarios.

A instalación terá dous tipos de horarios:

- Inverno. Do 1 de Setembro ao 30 de Xuño.
- Verán. Do 1 de Xullo ao 31 de Agosto.

O horario de apertura en cada tipo será o proposto pola empresa concesionaria no procedemento aberto, en base ao marcado como mínimo polo Concello no prego:

-. Inverno:

- . De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 16,30 a 22,00 horas.
- . Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.
- . Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.

-. Verán:

- . De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 18,30 a 22,00 horas.
- . Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.
- . Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.

Os devanditos horarios poderán ser modificados previa xustificación e aprobación por parte do Concello. Os usuarios deberán ser informados en tempo e forma das devanditas variacións.

Os horarios deberán estar expostos de forma visible á entrada da instalación.”

Considerando esta Alcaldía conveniente modificar o horario consonte co solicitado polo concesionario, que non supón ningunha modificación do contrato posto que o horario previsto no apartado 9 do prego de prescricións técnicas establece un horario mínimo, a modo indicativo, e que o mesmo en todo caso se respecta posto que se incrementa o número de horas, sen contraprestación económica para o Concello, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do apartado 5.1.1 do Regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal, que queda redactado nos seguintes termos:

-. Inverno:

- . Luns de 7,30 a 12,30 e de 16,30 a 22,30.

- Martes de 7,30 a 12 e de 15 a 22,30.
- Mércores de 7,30 a 12,30 e de 16,30 a 22,30.
- Xoves de 7,30 a 12 e de 15 a 22,30.
- Venres de 7,30 a 12,30 e de 16,30 a 22.
- Sábado de 10 a 13,30 e de 17 a 20.
- Domingos de 10 a 13.
- Festivos pechado.

- Verán:

- Luns de 7,30 a 12,30 e de 19 a 22,30.
- Martes de 7,30 a 12 e de 19 a 22,30.
- Mércores de 7,30 a 12,30 e de 19 a 22,30.
- Xoves de 7,30 a 12 e de 19 a 22,30.
- Venres de 7,30 a 12,30 e de 19 a 22.
- Sábado de 10 a 13.
- Domingos e festivos pechado.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que a día de hoxe a piscina ten 1.186 abonados e que con isto se pretende abrir máis tempo ao mediodía e manter aberto pola noite ata as 10,30 horas e que a proposta do concesionario se considera aceptable en base ás demandas dos veciños.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non imos votar en contra porque abre 33 horas máis ao ano, pero tampouco votaremos a favor porque non estamos de acordo coa mistura de horarios que hai e tampouco se soluciona o de non pechar polo mediodía e tampouco estamos de acordo co horario de verán porque hai persoas maiores ou sen coche que non poden ir á praia e non terán piscina, polo que ímonos abster.

O Sr. Alcalde sinala que vanse abster como fixeron vostedes sempre en todos os temas da piscina.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 , pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencente ao grupo municipal do PP (4).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2011.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10 de febreiro de 2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 14 de febreiro de 2012, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por Secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2010 e o 31 de decembro de 2011, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES

1100068.- **INSTALACIÓN DUN PARQUE BIOSALUDABLE:** Sobre a finca nº3, descrita neste epígrafe instalouse un parque biosaudable formado por 6 aparellos. A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 10 de marzo de 2011 á empresa Alcomte Galicia S.L., polo importe de 4.999,46 €, a cal foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña dentro das axudas destinadas ás "Actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2010" e foron recibidas polo concello o 23 de marzo de 2011.

VALOR..... 4.999,46 €

1100076.- **RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACION DA AR8.**

Estas obras foron recibidas polo Concello tras acordo da Xunta de Goberno Local do 10/05/2011. As fincas adxudicadas ao Concello, xa urbanizadas, son as seguintes:

- Viario, adscrito a sistemas locais: 4.952 m².
- Viario, adscrito a sistemas xerais: 8.902 m².
- Espazos libres públicos (zonas verdes): 3.358 m².
- Espazos libres públicos xerais (zonas verdes): 24.759 m².

Sobre o viario localízanse as prazas de garaxe de uso público (104), das que 6 son adaptadas para minusválidos, tal e como se describe no plano presentado ao efecto (sistema viario).

VALOR..... 574.558,00 €

ACONDICIONAMENTO LÚDICO DEPORTIVO AR7 E AR8 DE LAMIÑO. Sobre as parcelas descritas nos epígrafes 1100068 e 1100076 deseñouse unha área de recreo equipada con mobiliario urbano (bancos, papeleiras,...). Tamén se instalou:

- Unha pista de skate formada por ramplas de chapa de aceiro galvanizado, situada sobre unha plataforma de formigón armado con acabado pulido, cunhas dimensións en planta de 25 x 10 m.
- Un parque infantil composto de: un pórtico de bambán de dúas prazas (972,80 €), un asento de goma ergonómico (98,04 €), un asento de seguridade para bebés (219,64 €), unha torre e xogo de trepa (7.147,80 €), un peirao xirafa (541,88 €) e un vaivén para 4 persoas (745,56 €).

A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 17 de novembro de 2010 á empresa Alcomte Galicia S.L., polo importe de 99.828,00 €, a cal foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña e foron recibidas polo concello o 9 de marzo de 2011.

VALOR..... 99.828,00 €

As parcelas descritas nos epígrafes 1100074 e 1100075, foron acondicionadas para instalar sobre elas a piscina municipal cuberta. As obras de acondicionamento consistiron no movemento de terras, pavimentación, colocación de mobiliario urbano (bancos de formigón prefabricados sen respaldo e papeleiras metálicas con pes de ferro fundido), iluminación pública e execución da rede de saneamento para a evacuación de augas pluviais. As obras foron adxudicadas por Resolución da Alcaldía do 26 de maio de 2011 á empresa Manuel Rodríguez Lema SL, polo prezo de 150.000,00 €, subvencionados pola Deputación Provincial da Coruña

VALOR..... 150.000,00 €

Sobre as parcelas descritas nos epígrafes 1100074 e 1100075, instalouse un transformador para a piscina cuberta municipal. A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 24 de febreiro de 2011 á empresa Manuel Rodríguez Lema SL, polo importe de 41.359,63 € e foron recibidas polo concello o 15 de xuño de 2011.

VALOR..... 41.359,63 €

Sobre as parcelas descritas nos epígrafes 1100074 e 1100075 construíuse unha piscina cuberta municipal de planta baixa e planta soto, na planta baixa sitúase a piscina, os vestiarios e o ximnasio. O proxecto básico e de execución foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2010 á UTE formada por Manuel Rodríguez Lema S.L. e Fergo Galicia S.A. polo prezo de 1.126.543,88 €. As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña nunha porcentaxe do 74,91 %.

VALOR..... 1.126.543,88 €

Nos edificios descritos nos epígrafes 1221001 (biblioteca municipal) e 1222013 (casa da cultura) leváronse a cabo obras de renovación de varias instalacións. As obras foron adxudicadas por Resolución da Alcaldía do 22 de febreiro de 2011 á empresa IEC Reboredo S.L., polo importe de 6.057,20 €.

As obras realizadas na biblioteca municipal consistiron na revisión e reparación da actual instalación, sistemas de ventilación e revisión dos radiadores eléctricos existentes.

As obras realizadas na casa de cultura consistiron na instalación dun carril electrificado trifásico de 22 focos e substitución das actuais luminarias de emerxencia.

VALOR..... 6.057,20 €

1221001.- No edificio descrito neste epígrafe, destinado a biblioteca municipal, leváronse a cabo obras de pavimento de linólum acústico de 2.00 de espesor, colocado sobre o pavimento actual. A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 22 de febreiro de 2011 á empresa Pavigalia SL, por importe de 7.149,62 € e foron recibidas polo concello o 28 de febreiro de 2011.

VALOR..... 7.149,62 €

Nos edificios descritos nos epígrafes 1221001 (biblioteca municipal) e 1222013 (casa da cultura) leváronse a cabo obras de mellora para a instalación da nova biblioteca municipal e dunha sala de exposicións. As obras foron realizadas por administración do concello e incluídas na solicitude de subvención “Programas de apoio ao deporte, dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2011”, por importe de 5.913,27 €

As obras realizadas na biblioteca municipal consistiron na demolición de particións interiores feitas a base de ladrillo, retirada das reixas de ferro, baleirado de mobles e outros obxectos e reforma da planta baixa para a instalación de tres despachos individuais.

As obras realizadas na casa da cultura consistiron no baleirado de mobles e outros obxectos, traballos de albañilería, pintado e repaso das paredes interiores.

VALOR..... 5.913,27 €

12231606.- Instalouse unha bomba en Nináns para impulsar o saneamento á rede xeral existente no lugar. A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 19 de outubro de 2010 á empresa Alcomte Galicia S.L., por importe de 8.060,82 € e foron recibidas polo concello o 17 de marzo de 2011.

VALOR..... 8.060,82 €

12231606.- Esta rede de servizos de saneamento foi ampliada pola Consellería de Medio Rural, polo importe de 44.238,30 €. As obras foron recibidas polo concello do 14 de xullo de 2011.

VALOR..... 44.238,30 €

Renovouse a iluminación descrita nos epígrafes 1410204 (Urbanización do Pego) e 1410205 (Urbanización do Balado). As obras consistiron na substitución das luminarias actuais por luminarias philips iridium, concretamente 13 luminarias na Urbanización do Pego e 31 luminarias na Urbanización do Balado.

Esta obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 20 de xullo de 2011 á empresa ESYCSA, Equipos de sinalización e control SL, por importe de 61.267,89 €, a cal foi subvencionada polo Inega con cargo ao Plan FEDER Galicia 2007-2013 e foron recibidas polo concello o 5 de outubro de 2011.

VALOR..... 61.267,89 €

As pistas descritas nos seguintes epígrafes foron acondicionadas no ano 2011 coas axudas do Plan Provincial de Obras e Servizos 2011, incluídas no proxecto “Plan de asfaltado de pistas en Bastavales”. As obras consistiron na mellora da capa de rodadura e na limpeza de cunetas, nunha lonxitude total de 2.170,00 metros. As obras foron realizadas por administración do concello, por un importe de 61.890,47 € e foron recibidas polo concello o 4 de outubro de 2011.

1522309 POLIDEPORTIVO DA IGREXA (LESTE): 300 m

1522209 ENTRADA A CORUXIDO – SOUTO: 450 m

1522205 PANADERIA DE SABAXANS - CASA DE CASTELO: 850 m

1522208 CASALDOEIRO – ROMARIS: 200 m

1522314 OUTEIRO- CAXUSA: 370 m

VALOR..... 61.890,47 €

Realizáronse reparacións de diversas infraestruturas en Brión, consistentes no bacheado, limpeza de cunetas e asfaltado das pistas descritas nos seguintes epígrafes:

1524107: pista de Aguiar a Lamiño, 1285 m.

1524105: pista dende o centro escolar de Pedrouzos a Bertamirans, 1061 m.

1521102: pista dende Perros-Guisande, 981 m.

1510006: pista de Piñeiro a Souto e ramal a Gosende, 817 m.

1527211: pista de Vioxo de Arriba, 3506 m².

1224011: adecuación do parque de Nináns con pavimentado da zona, reparación de varandas, repintado das existentes, reparación do peche de arame e dotación de dúas mesas e catro bancos.

As obras foron financiadas pola Deputación Provincial con cargo ao Convenio de Colaboración 252/2010 entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión. As obras foron realizadas por administración do concello segundo Resolución da Alcaldía do 30 de setembro de 2010, por importe de 91.999,68 € e foron recibidas o 2 de marzo de 2011.

VALOR..... 91.999,68 €

Remodelación de diferentes tramos de beirarrúas existentes nunha lonxitude de 2.290 m, coas axudas do Plan Provincial de Obras e Servicios 2011, incluídas no proxecto "Proxecto de remodelación de aceras en Bastavales". As obras foron realizadas por administración por un importe de 63.109,53 € e foron recibidas o 29 de novembro de 2011.

VALOR..... 63.109,53 €

12231105-. Esta rede de servizos de saneamento foi financiada polo Fondo de Compensación Ambiental. As obras foron adxudicadas por Resolución da Alcaldía do 11 de agosto de 2011 á empresa Alcomte Galicia SL, polo importe de 34.320,84 €. As obras foron recibidas polo concello do 30 de agosto de 2011. As obras consistiron en:

- Substituír o pozo que se encontraba no interior da canle do río Sar por outro de rexistro estanco, no lugar do Cabo.
- Substituír o colector xeral, por un colector de PVC de 500 mm e con pozos de rexistro estanco, no lugar do Outeiro.

VALOR..... 34.320,84 €

Mobles

BIBLIOTECA MUNICIPAL

O subministro de mobiliario foi adxudicado a entidade Dismódulo S.L. por Resolución da Alcaldía do 24.02.2011 por importe de 12.444,86 €. Foi recibido polo concello o 23 de marzo de 2011.

3 mesas serie venus color blanco, estrutura de aluminio (481,00 €/und): 1.443,00 €

3 mesas compartidas serie venus color blanco, estrutura aluminio (360,00€): 1.080,00 €

2 mesas serie venus cor branco, estrutura aluminio (463,00€/und): 926,00 €

2 divisións de mesa en cor branco, estrutura aluminio (40,00 €/und): 80,00 €

2 mesas infantís redondas, estrutura cromada (100,76 €/und): 201,52 €

8 sillas infantís estrutura cromada (68,53 €/und): 548,24 €

12 librerías abertas con estantes en tableiro melaminado cor branco (122,00 €/und): 1.464,00 €

48 unidades de estantes fixos de 19 mm (15,00 €/und): 720,00 €

3 unidades de estanterías infantís con estantes cor marrón (198,11€/und): 594,33 €

24 sillas modelo viva 4 patas cor branco e roxo (77,00 €): 1.848,00 €

4 sillas modelo elia, respaldo de madeira vernizada en cor wengué (151,00€/und): 604,00€

8 sillas modelo zoom, asento tapizado cor roxo (104,00 €/und): 832,00 €

AULA DE MÚSICA:

Doazón gratuíta feita por Cristina Hernández García dun piano vertical Petrof para a Escola Municipal de Música valorado en 600,00 €. Aceptado por resolución da Alcaldía do 23.09.2011.

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2011

Altas no ano 2011	2.394.341,45 €
Baixas no ano 2011	0,00 €
Inventario a 31.12.2010	31.809.911,88 €
Inventario a 31.12.2011	34.204.253,33 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP(4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) MOCIÓNS.

Apróbase a urxencia por unanimidade dos doce membros presentes da seguinte moción:

7.1. MOCIÓN REFERENTE Á CORRECCIÓN DO ACORDO DO PLENO DO 19.10.2011, SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2012 (POS 2012).

Dada conta do escrito da Excmª. Deputación da Coruña do 14.02.2012, con rexistro de saída núm. 3409, con rexistro de entrada no Concello núm. 319, do 15.02.2012, referente aos

proxectos das obras do POS 2012, onde solicita que se achegue a un proxecto os planos e que se corrixa os nomes dos proxectos posto que as denominacións dos dous proxectos son demasiado xenéricas, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4), acorda:

1º) Corrixir o acordo do Pleno do Concello de data 19.10.2011, nos seguintes termos:

Onde figura como títulos dos proxectos:

- . PROXECTO DE MANTEMENTO DE ESTRADAS NO CONCELLO DE BRIÓN.
- . PROXECTO DE MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN.

Deben figurar os seguintes títulos dos proxectos:

- . PROXECTO DE MANTEMENTO DE ESTRADAS NO CONCELLO DE BRIÓN (ALDEAS DE: OUTEIRO,VILANOVA, ESTRAR; BRANS DE ARRIBA, CASAL; A GRAÑA, ALFONSÍN; GOIÁNS, ESPIÑEIRO; VILAR-ESPARÍS, OMBRE, SALAÑO GRANDE; TEMBRA, O CASAL; SABAXÁNS-ROMARÍS,CHAVE DE CARBALLO, BABENZO).
- . PROXECTO DE MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN (PARROQUIAS DE BASTAVALES E OS ÁNXELES).

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde sinala que vai responder a unha pregunta do PP que quedou pendente do Pleno ordinario anterior que di: 2-. Sobre os 150.000 euros que prometeu o expresidente da Deputación o día de inauguración da piscina ¿onde investiron os 150.000 euros?, ¿que obras se fixeron en concreto?

O Sr. Alcalde da lectura ao informe asinado polo arquitecto municipal de data 29.12.2011, que transcrito di:

1.- Que mediante convenio subscrito entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Brión, consígnase o financiamento de 150.000 euros, na súa totalidade, para as obras de acondicionamento da parcela da piscina municipal.

2.- As obras execútanse de acordo cos proxectos redactados (2) polos arquitectos D. Manuel Carbajo Capeáns e D. Celso Barrios Ceide.

3.- As obras divídense en dúas fases: fase I e fase II, a saber:

FASE 1: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA DESTINADA A PISCINA MUNICIPAL DE BRIÓN. FASE I. CONSERVACIÓN DO REGATO.

a.- O orzamento das obras ascende á cantidade total de 66.000 euros e responde e correspóndese as obras realizadas durante a execución da piscina, como consecuencia de:

1 .- Dos requisitos impostos no seu día por Augas de Galicia para a autorización previa á construción da piscina (autorización autonómica en materia de augas: "Autorización de entubado dun tramo dun rego, construción dunha piscina municipal e acondicionamento de parcela").

2.- A necesidade de resolver o drenaxe perimetral sobre o contorno da piscina derivado da intromisión da presa de rego no interior da parcela e, co conseguinte movemento de terras e aportación de material pétreo (ciclópeo) para resolver esta cuestión.

b.- Este organismo impuxo a obriga de canalizar a derivación dun regato (presa de rego) mediante unha contundente e efectiva escollera, á vez que se manteña a súa confluencia co regato orixinal a traveso dunha comporta de paso (conservar o regadío das parcelas aquí

servidas augas abaixo) e da execución correcta da ponte voada sobre o mesmo para dar acceso á piscina, amén das proteccións e obras accesorias.

c.- Esta desviación do regato non se corresponde coa presa de rego que figura nos planos de concentración parcelaria.

d.- O curso desta derivación devén da ausencia de mantemento preciso de limpeza do mesmo, provocando a aparición desta nova canle ou presa, pola vagada natural do terreo e invadindo os terreos municipais sobre os que se vai a emprazar a nova instalación.

e.- Esta circunstancia non prevista no proxecto orixinal, evidentemente, xa que é froito dun accidente, e que houbo que solventala durante a execución da obra para poder executala e motivada; en parte pola imposición da propia Xunta (Augas de Galicia) e, en parte para poder sanear o plano de cimentación da obra. Todas estas actuacións a acometer non teñen correspondencia nas partidas do proxecto orixinal, polo que houbo que remitilas, unha vez cuantificadas e valoradas pola dirección facultativa, a un proxecto posterior que recollese estas novas partidas.

f.- Partidas estas que durante a obra foron tamén acomodándose as diversas indicacións realizadas pola supervisión do organismo autonómico competente en materia de augas (Augas de Galicia); proteccións (varandas), comportas de corte, reforzo da pontella existente (cruce da estrada principal) e voado de beirarrúa segundo cota indicada por este organismo autónomo.

g.- Todas estas circunstancias e imprevistos, que se foron asumindo durante a execución das obras e que a contrata foi executando baixo o control e supervisión da dirección facultativa, foron recollidas, definidas e valoradas no proxecto posterior e que aquí se denomina como fase I e cunha contía de 66.000 euros.

FASE II: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA DESTINADA A PISCINA MUNICIPAL DE BRIÓN. FASE II. URBANIZACIÓN E SERVIZOS.

h.- O orzamento das obras ascende á cantidade total de 84.000 euros e responde e correspóndese ás obras de urbanización do contorno da piscina, tal e como se describe no mentado proxecto redactado aos efectos, e que figura no expediente administrativo municipal.

4.- A obra que engloba as dúas fases anteriormente descritas e que ascende á cantidade de 150.000 euros foi contratada a empresa Manuel Rodríguez Lema SL, (mesma empresa que executou as obras do edificio da piscina municipal).

5.- En data 26/05/2011 asinase o contrato de adxudicación, baixo o tipo de contrato:" Negociado sen publicidade" e de acordo coa lexislación vixente na materia (Lei 30/2007, de contratos do sector público).

6.- E xa por último e con data de 13/07/2011 a obra foi recepcionada polo Concello mediante acta debidamente dilixenciada (acta de recepción) e asinada polo arquitecto municipal e aquí designado como director das obras.

Remata o Sr. Alcalde sinalando que o expediente está a súa disposición se o quere ver en calquera momento.

Engade o Sr. Alcalde que existe un escrito do PP no que solicita unha serie de informacións, e que transcrito di:

Que desde hai algo máis dun ano, ten coñecemento por varias persoas, veciñas e propietarias todas elas dalgunha vivenda na Urbanización Monte Balado (Os Ánxeles), de que a día de hoxe seguen sen ter licenza de primeira ocupación.

Recentemente, tivemos coñecemento por outras persoas que tamén teñen propiedades nesa urbanización, de que igualmente, se atopan con vivendas sen licenza de primeira ocupación na citada urbanización brionesa.

Parece inusual que suceda isto, tendo en conta o tempo transcorrido dende o remate das citadas obras ata a data actual. Por iso, e para darlle algunha explicación a estas persoas, así como prestar a axuda necesaria, se fose preciso, e polo que solicita:

- . Se me indique exactamente por escrito o antes posible, o número de vivendas da citada urbanización que a día de hoxe, non teñen licenza de primeira ocupación.
- . Se me detallen os motivos polos cales esas vivendas non teñen a correspondente licenza de primeira ocupación.
- . Se me indiquen a que bloques pertencen esas vivendas.

O Sr. Alcalde sinala que voulle ler o escrito de contestación que fixo o arquitecto municipal:

Que no ano 2005 a promotora solicita licenza de primeira ocupación. Ante a solicitude, en quince días, remíteselle escrito do arquitecto municipal onde se manifestan unha serie de discrepancias con respecto ao proxecto aprobado (licenza) e en consecuencia deberán realizarse as obras precisas de acomodo e remitíndonos a unha posterior visita de comprobación, a fin de resolver a solicitude de licenza de primeira ocupación. Non se presenta a documentación de resposta por parte do promotor.

Xa, anos máis tarde, fai 3 anos aproximadamente, persóase nas oficinas municipais un propietario das vivendas do mencionado edificio, a fin de saber a situación do expediente e darlle posible solución para regularizar a inscrición rexistral do inmovible.

Este técnico ofrécelles a solución mediante escritura de obra nova (de acordo co disposto ao respecto pola lei básica estatal), posterior escritura (notario) e inscrición inmediata no rexistro, toda vez que a edificación cumpre os requisitos esixidos ao respecto.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non me responde ao que pedimos.

O Sr. Alcalde sinala que a min non me consta máis nada, segundo informe do técnico municipal hai un bloque, a min non me consta máis, non sei que bloque é, non teño nin idea, pero ten a súa disposición o expediente se quere velo.

Rogos e preguntas verbais presentados polo PP:

- 1) En Agro Novo no vial abaixo de todo onde se colocou recentemente un espello, ao carón do mesmo, a canalización eléctrica está ao aire libre, suponse que non hai perigo, rogo que se tape esa canalización.
- 2) Ne mesma urbanización na parte traseira do restaurante Abelleira hai un bache desde hai anos que vai medrando, rogo que se tape.
- 3) Nos pode facilitar unha fotocopia do informe da obra de acondicionamento da parcela da piscina?.

4) Respecto das obras da Torre, a finais de xaneiro os veciños detectaron que se seguían a facer obras polo Sr. Bello, non nos consta ningún tipo de licenza para esas obras nin ningún decreto de paralización de obras, quería saber porqué motivo non houbo paralización desas obras.

O Sr. Alcalde sinala que non hai paralización de ningunha obra porque non sabemos de ningunha obra, sabemos polo xornal que presentaron denuncia en Patrimonio e xa saberemos por Patrimonio se hai algunha paralización ou non.

O Sr. Alcalde engade que lles recomendo que non sigan con esa teima de denunciar aos veciños, que creo que se equivocan.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que desde o momento en que acoden a nós veciños dicindo que se fan obras sen licenza, nós debemos actuar, non podemos deixar pasar eses temas.

O Sr. Alcalde sinala que non teño nin idea de que obras me está falando, só vin o da denuncia en Patrimonio, busquen vostedes o ben para os veciños, intenten botar unha man desde a Xunta de Galicia que seguramente llo agradecerán todos os veciños.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.